

Ramona Domínguez Fariña

(A MOUREIRA-1925)

O BARRIO DA MOUREIRA

Ramona Domínguez Fariña naceu na Moureira o 5 de outubro de 1925, xusto enfronte á Praza de Touros, aínda que daquela o barrio era moi distinto. Primeiro, porque por alí pasaba o tren e a vía era como unha especie de fronteira que os separaba de Pontevedra, de feito, cando tiñan que cruzala, dicían “imos á vila”. E segundo porque non había todas esas edificacións que hai hoxe, era un barrio mariñeiro de casas baixiñas con grandes descampados onde as nenas e os nenos podían xogar ás súas anchas:

“Antes a xente era moi pilla porque estabamos todo o día na rúa. Os nosos xogos eran a corda, o peletre, as bolas, facer casiñas nas casas vellas ou o *tres marinos a la mar*, que era esconderse unha xente de outra. Eramos moi arrichados e o que oíamos na casa o calabamos, pero co roce, sabías que rapaz pensaba coma ti ou con cal outro non podías falar de certas cousas porque era doutra categoría”.



Ramona tería uns 14 anos cando a eses xogos se uniu a bicicleta pero, nada máis rematar o conflito bélico non había cartos para comprala e había que optar polo aluguer:

“Na casa, nunca tivemos regalos de Reis. Cando tiñamos unha chica ou un pataco, iamos a alugar as bicicletas a Morales ou ao Portugués. O Portugués estaba onde o coliseo e a de Morales na Virxe do Camiño. Xuntabamos os cartos e se ti puñas unha chica tiñas unha volta pero se eu poñía un pataco pois tiña máis. Iamos os domingos arredor da alameda e cantos máis cartos puñas máis voltas podías dar. Había unha rapaza, Nucha, que lle regalara o avó unha bicicleta e que ben andaba! Unha vez díxonos ela que fomos facer *unhas ghatas*¹ pola carreteira de Marín, que por entón non había coches, só pasaba o tranvía e lémbrome que nós chegamos ao forno, onde está agora a Celulosa, e ela xa viña de volta. Era a campioa”.

A ESCOLA

Tanto Ramona como os seus dous irmáns, Salvador e Jaime, máis novos que ela, foron á escola de párvulos de dona Pepita, no Peilán. Tiñan que levar da casas o encerado, os silabarios (ou o catón cando xa sabían ler un pouco) e uns banquiños para sentarse:

“A pizarra tiña un buraco cun cordel e doutro lado do cordel atabamos o pizarrín para escribir, e cando borrabas, borrabas co cóbado. A miña nai sempre berraba porque aquelabamos as chaquetas todas”.

Tería oito ou nove anos cando pasou á escola de Dona Gumersinda, unha escola pública asentada en Alfonso XIII:

“Eu era zurda e ela dálle que quería que escribira coa man dereita, e eu dálle a escribir coa esquerda. Tiñamos uns mandilóns brancos, que o meu o fixera a miña nai, e uns lazos de papel azuis e brancos. E logo mandounos facer unhas pamelas grandes cuns botóns, e levábanos de dous en dous á Caeira, entrabamos por Marqués de Riestra, saíamos por arriba e logo viñamos pola de Vaquero cara abaixo. Levábanos a vendimar a unha finca que tiña ela, grandísima, onde están agora os xulgados, e dicíanos, *cantar, cantar, que cantáis muy bien*, e nosoutras xa sabiamos que o dicía para que non comeramos uvas e faciamos quendas: mentres unhas cantaban, outras comiamos, e ela a dicirnos *mira que bien cantáis*. Despois nos daba as mazás que caían das árbores pero ás veces non as comiamos porque estaban todas podres. Unha nena que se chamaba Peregrina, que era das máis vellas sempre se queixaba: ‘primeiro, mándanos cantar e logo as mazás boas as deixa para vender e as que non valen, dánolas a nós’. Pero era boa profesora. Tamén tivemos dúas señoritas que se chamaban señorita Amalita e señorita Mercedes, que eran as que estaban de prácticas. O noso recreo era onde está agora o Froiz, que entón non había casa ningunha, e nós tiñamos que pasar da escola por un camiño, agochadas. Logo mandáronme a clase onde os bolsos Bravo, no primeiro piso, e o noso recreo xa era a Praza do Leite. Os días de feira, o 1,8,15 e 23 estaba cheo de xente vendendo semente e nós xogando alí. Os meus irmáns estiveron todo o tempo nas Palmeiras, onde están os soldados, ata sétimo. Os profesores queríanlles moito e dicían que era unha pena que non tiveran cartos para estudar. Ao saír, un empregouse na rúa Oliva, na de Viñas, que vendía

1 Expresión utilizada para referirse a faltar á escola.



xoguetes e libros, e co que gañaba ía a unha pasantía que lle chamaban Jovellanos ao profesor, a aprender taquigrafía e mecanografía e despois xa se empregou nun banco. E o outro, a miña nai quería que fora mecánico pero non había onde aprender e meteuse a mariñeiro ata que casou e púxose de viaxante primeiro, e despois de celador en Montecelo”.

A REPRESIÓN

Ramona estaba no colexio de dona Gumersinda, en Alfonso XIII, cando estourou a guerra:

“Moitas veces viñamos da escola e viamos as camionetas cos homes que fusilaban na Caeira, iso a min non mo contou ninguén, iso mireino eu. Moitos nenos, como na casa non se falaba diso, igual non sabían, pero na nosa o estabamos vivindo e falábase moito”.

A familia de Ramona, sobre todo á materna, foi moi represaliada tras a sublevación militar de 1936.

“Chamaban á porta e eran os cívicos e os falanxistas. Todos viñan con escopetas e non viñan un ou dous, ao mellor viñan 13 ou 14. No barrio eramos poucas as familias perseguidas: a do señor Juan, moi boa persoa, que estivo escapado e agochado nun oco que fixo baixo a cama, e despois a miña: O meu pai, o meu tío, os meus primos -que terían 24 e 27 anos- e as miñas primas que tamén eran novas e... madre mía, queríanlles cortar o pelo, que daquela cortaban o pelo e a unha que vivía aquí puxéronlle UHP e para borralo...”.

Conta Ramona que levaban a aquelas mulleres ao Campo da Feira, hoxe Benito Corbal, onde estaban as sedes dos cívicos e a Garda Civil. A maioría estaban sindicadas ou militaban en agrupacións de esquerdas. Traballadoras de fábricas como as das gaseosas de Feijóo, que eran levadas a un cuartel onde lles cortaban o pelo a rape e dábanlles aceite de ricino a beber, e a unha puxéronlle na fronte UHP, as iniciais da Unión de Hermanos Proletarios e veuse tola para borralo. Conta Ramona que moitas xa ían co pano para tapar a cabeza cando saíran de alí e que, ás veces, os cívicos quitábanllo para que riran delas pero que a maioría da xente non ría, case ninguén na Moreira ría diso. Non estaba a cousa para rir dende aquel día que os avións tiraran polo barrio uns papeis dicindo á xente que se recollera nas súas casas e logo foron petarlle nas portas.

“Viñeron moitas veces á miña casa buscando por meu pai. Nos eramos pequenos. Chegaban, chamaban á porta, nesas portas partidas pola metade, que abrías a parte de arriba....

Tatatata!!!

-Quen?

-iAbra usted a la tropa!.

-Agora vou.



E meu pai aquel día estaba na casa...

-Aí está a tropa

Meteuse na horta e a miña nai foi a abrir.

-¿Está su marido?

-Non .

-¿Aquí no vive Maximino Domínguez Ramírez?

-Non sei

-¿No sabe usted como se llama su marido?

-Non

-¿Y entonces con quién se casó usted, con el rabo de una escoba?

-Pois casaría pero neste momento non sei como se chama o meu marido.

A miña nai era tremenda, ela facía a parva pero en realidade a que tiña as ideas políticas era ela, non o meu pai. O meu pai de política nada, era a familia da miña nai a que era toda comunista”.

De feito outro día, viñeron preguntar polo seu irmán, o tío de Ramona, Ricardo Fariña Torres, alcumado O Louro.

“A miña nai díxolles que por esta zona non había ningún Louro que lle parecía que había un na Moureira de Arriba, que preguntaran alí, pero nestas o meu avó empezou a tusir e os da tropa preguntaron quen era ese que estaba a tusir.

-É o meu sogro, que está na cama.

-¿Podemos ir a verlo?

-Si, si, si...

A miña nai a pobre volvíase tarumba, entraron, sentáronse na cama e preguntáronlle ao meu avó se non coñecía ao tal Louro, -claro que o coñecía porque era o irmá da miña nai e el o sabía-, pero preguntáranlle o que lle preguntaran aquela noite, el so dicía: *¿Me levanto? ¿Me levanto?*. Eles veña a preguntarlle cousas e o meu avó a dicir, *¿me levanto, me levanto?* Tiveron que deixalo por imposible. A miña nai andaba a facerlle acenos dende atrás para que calara a boca e el non a vía pero non facía falta, non conseguiron sacalo do *Me levanto*. Aquel día nin miraron que había unha porta para entrar na horta e despois diso virían a casa aínda outras tres ou catro veces buscando polo meu pai”.

Nunca o atoparon pero acabou entregándose por consello dun amigo seu que era da policía. Acompañouno prometéndolle que non lle farían nada e, efectivamente, librouse das tundas pero foi da comisaría directamente para o cárcere e de aí á illa de San Simón:



“Fun moitas veces de visita ao Lazareto. Iamos no tren, baixabamos en Arcade e seguíamos pola vía porque se íamos pola carreteira aínda quedaba máis lonxe. Logo atravesabamos pola praia, cando estaba o mar baixo, e xa había uns barcos que nos levaban a San Simón nas horas de visita. Moitas mulleres chegaban alí e dicíanlles que os seus homes xa marcharan. Quitábanos de noite, fusilábanos e deixábanos polo monte... e aquelas familias a gritar...Os mortos aparecían *cuneteados* ou tirábanos ao mar con pedras para que non subiran. Iso contaban os presos cando íamos ver a meu pai. Que para falar había unha fila e nós ao outro lado coa policía no medio, que tiñas que gritar para que te oísen. E eran eles os que contaban que esa noite levaran a tantos”

Tras o seu paso por San Simón, a Maximino Domínguez fixéronlle un consello de guerra e o fiscal pediu pena de morte. Finalmente foi trasladado a Pamplona e pasou uns tres anos preso. A pesar da fame que pasaban, sempre lle mandaron paquetes de comida ao reo e a súa muller, Olivia, chegou ir a Pamplona velo, acompañada por Filomena, unha coñecida, bastante maior que ela, quen tamén tiña ao fillo naquel penal que se faría famoso, sobre todo, pola fuxida que os presos levaron a cabo o 22 de maio de 1938, na que o pai de Ramona tamén participou.

“Despois, cando veu, o meu pai contou que abriran as portas todas e que a xente escapara. Algúns fuxiron para Francia, outros morreron afogados e o meu pai ten contado que el pasou días e días no monte, que andaba escapando polas veigas e que ata comía as follas das uvas, pero que aos que, coma el, non pasaron a Francia, colléronos e metéronos presos no soto a escuras... non sei cantos días estiveron sen ver a claridade pero dixo que ata algún quedara cego ao saír”.

Mais despois diso, o seu pai apenas tardaría seis meses en regresar á casa, grazas aos contactos que tiña a súa prima Florinda cuns militares de alto rango de A Coruña.

“Na casa da miña tía Lola tiñan moita amizade con xente de dereita porque eramos todos veciños vendíanlle na praza e mesmo levábanse coas de Mendoza, con Dona María, a viúva do almirante, e con Dona Concha, a profesora, porque no verán os meus primos as levaban dar unha volta no barco”.

Conta Ramona que cando foi da fuga, Florida foi a Coruña e un deses militares que era amigo seu lle dixo que non se preocupara e rompeu o expediente de Maximino. Pero antes, na casa de Ramona vivíronse días de angustia sen saber a sorte que correra o fuxido. Souberon da fuga pola radio e adiviñaron que o pai fora dos que escaparan porque deixaron de recibir cartas súas. Os días pasaron sen novidades, sen que se lles comunicara que fora un dos máis de douscentos presos abatidos polas forzas de seguridade, e empezaron a ter esperanzas de que tivera logrado cruzar a fronteira. Pero iso foi algo que so acadaron tres fuxidos. Mentres Maximino permanecía pechado no soto, sen poder escribir á familia, outras cartas, distintas ás que el mandaba, déronlle aos seus unha pista do que lle puidera ter pasado:



“Había un rapaz que estaba moi namorado da miña prima Florinda, aínda que ela non lle facía caso e fíxome graza porque cando foi o da fuga do meu pai, dime el: “Colle a baralla e fai tres partes”. Fíxeno, leume as cartas e díxome que o meu pai seguía preso pero que non ían tardar en soltalo. Díxolle á miña nai: “Señora Olivia, vai ter noticias pronto, o seu home está en España, non escapou para Francia”. E efectivamente, tivemos carta e meu pai non tardou nin seis meses en volver á casa. A ese rapaz, Manolo, que se empregara no axuntamento de Marín, matáranlle a un irmán que era de esquerdas”.

Á familia de Ramona non lle mataron a ninguén, pero ademais do seu pai, estiveron presos o seu tío Ricardo Fariña Torres e os seus primos Pepe e Modesto Rodríguez Fariña, fillos da súa tía Lola. Ricardo Fariña, alcumado o Louro, era o irmán máis novo de Olivia e un dos propulsores da confraría de pescadores. Os golpistas acusábano de ter propagado as ideas comunistas entre os outros mariñeiros, de estar na defensa do goberno civil tras o golpe militar e mesmo de actos de sabotaxe. Consciente de que a súa vida corría perigo, tras os primeiros días de confusión agachouse na cheminea da casa de Faustina, a súa irmá máis vella. Alí estivo tres anos ata que Gómez Cantos, gobernador civil, alentou a entregarse aos agochados que non tiveran delitos de sangue, asegurando que non tiñan que temer. Foron tres anos moi duros para a súa muller, Rosa, que tivo que manter sola aos seis fillos, os catro que parira e os dous que recolleran o seu home e máis ela para compartir o pouco que había naquela casa de mariñeiro e modista. Sobreviviou facendo pantalóns por encargo dos xastres e traballando para a fábrica de Regojo, como facían as súas sobriñas e a súa cuñada Olivia cando volvía de vender verduras na praza de Abastos. As mulleres da familia Fariña facían roupa para os soldados que loitaban polas ideas contrarias ás que elas defendían, mentres Maximino estaba preso e Ricardo enterrado en vida na cheminea da casa de Faustina, que ata mandou ao seu xenro a traballar fóra para que os netos non andaran polo medio, que aínda eran moi nenos para gardar segredos. Tampouco a Ramona lle dixeron onde estaba o seu tío, pero o azar decidiu por eles:

“Mira se eramos pillos daquela que un día estabamos xogando a *Tres marinos a la mar*, eu funme esconder á casa da miña tía Faustina e ao entrar atopeime cara a cara có meu tío Ricardo, vino tan clariño que me deu impresión e saín correndo. Daquela o meu pai estaba preso e eu durmía coa miña nai e esa noite, veume ela e díxome:

-Ramoniña, hoxe estiveches na casa da tía Faustina?

-Si. Fun porque estabamos xogando ás agachadas.

-Pois estaba alí o señor Luciano, arranxándolle un metálico á túa tía e di que te chamou e non lle fixeches caso...

-Pois non o oín nin o mirei.

-E logo non o miraches?



-Nooon!!!

Mentira. Xa digo que mirara ao meu tío Ricardo ben clariño, pero díxenlle así para que quedaran tranquilos e a miña nai creume. Sei que ao día seguinte foi onde o meu tío e díxolle:

-Mira que a rapaza non veu que foses ti, nin te mirou.

-Como non me ía mirar! Ben sei eu que me mirou!

-Pois ela dixo que non te mirara.

E así quedou o conto ata que pasados ben de anos, xa saíra el do cárcere e todo non sei que cousa estaba a falar eu coa miña nai e díxenlle: si, iso é un conto como o do señor Luciano que lle estaba arranxando o metálico á miña tía.

-E logo ti sabías que era o teu tío Ricardo?

-Como non o ía saber se o estaba mirando para el como a estou mirando a vostede agora!

Durante anos fíxenlle crer que tragara iso de que era o señor Luciano e nunca lle dixen a ninguén que vira ao meu tío ata que fixen ese comentario pasados moitísimos anos”.

Foi a súa sobriña Florinda a que acompañou a Ricardo cando foi de entregarse a Gómez Cantos e quedou preso media ducia de anos, máis os que pasou agochados. Tamén os seus sobriños Pepe e Modesto, alcumados Os Torreiros, tiveron que esconderse cando foi do golpe. Os catro fillos da súa irmá Lola estiveron perseguidos: a Florinda e Lola querían raparlles o pelo e a Pepe e Modesto leváronos presos. So as boas relacións que Lola fixera coa algunha xente de dereitas á que lle vendía verduras na Praza librounos dunha sorte peor. Ás súas fillas, mulleres de arrestos, negáronse a ir a cuartel ningún a menos que a policía fora buscalas, e por moito que rabiaron algúns falanxistas, as Torreiras, que tiñan boas amizades entre os gardas, conservaron o pelo e aínda se deron o gusto de dedicarlles aos seus perseguidores algún que outro corte de mangas.

Pepe e Modesto agocháronse na casa da súa avoa paterna cando foi da sublevación e Ramona pensa que alguén os delatou porque unha noite apareceron os de dereitas e tiraron a porta abaixo. A Pepe collérono e Modesto saltou polo muro e escapou. Aproveitou a marea baixa e a morea de barcos atracados na Moureira para pasar a gatas ata Poio. De nada serviron os focos das camionetas do almacén de Carrascal que apuntaron a auga tratando de alumealo. Non foron quén de prendelo. Ao día seguinte, todo o mundo falaba do mesmo no barrio: “Foron a polos Torreiros. A un prendérono pero o outro escapou cara á banda de Poio”. Axiña alguén pensou no agocho máis lóxico: a casa do médico, Ramón García, o



Paxaro, e da súa muller, dona Carmen, que tanta relación tiña con Lola. E alí foi onde fora o prófugo, á casiña do can do Paxaro, pero había tanta relación que o can coñeceuno e non so non ladrara para avisar aos donos senón que o recibiu lambéndolle a cara cando buscou agocho na súa caseta.

Os fascistas chegaron ao día seguinte e o dono dixo que Modesto non podía estar aí, que ninguén podía ter entrado na súa propiedade aquela noite porque o can non ladrara. Non o atoparon pero acabou entregándose. Antes, o seu amigo o Paxaro conseguíulle tanto para el como para seu irmán e ata para o tío escondido na cheminea, non fora ser que o atopasen, un daqueles salvocondutos² que algúns cívicos, aos que convidou a comer na súa casa estando Modesto escondido, lle asinaron o 12 de agosto a cambio de cartos. O papeliño aquel salvouno das malleiras pero non do cárcere nin do fronte. Primeiro estiveron presos no Goberno Civil e alí foi velos Ramona máis dunha vez:

“Teño ido moitas veces. Entrabas, á man esquerda había uns calabozos pequeniños e alí os tiñan. Moitos gardas de asalto, o noventa por cento, eran de esquerdas e ás veces cando os prendían xa non lles pechaban a porta porque se non afogaban. As portas tiñan unhas fendas para que respiraran pero apenas cabían, só tiñan uns asentos para sentarse e nada máis. Sempre había catro ou cinco persoas dentro e os gardas tíñanlles a porta aberta e falaban con eles. O que alí pasaba despois xa só eles o saben.”

Do cárcere de Pontevedra foron trasladados ao Lazareto de San Simón e de aí Modesto foi enviado ao fronte, a loitar contra as ideas que mamara no fogar dos Fariña. Outro dos sobriños de Olivia, Tomás, que vivía co seu avó paterno desde a morte do seu pai, Fausto Fariña, tamén marchou con outros amigos de voluntario á fronte de Guadarrama:

“Marchou con outros rapaces para a guerra e cando chegaron alá déronlles un capote e un fusil e non o sabían nin manexar. A miña nai volveuse tola a presentar papeis dicindo que era menor e que mantiña el ao avó para traelo de volta. Chegou á casa cheo de piollos. Tomás era listo coma un allo. Estaba na escola do traballo, era electricista e despois nos facía radios para escoitar a Pirenaica”.

A FAME DA POSGUERRA

Nin a guerra, nin o Lazareto nin a fuga con marea baixa, nin as horas agochado na casiña do can puideron coas ideas de Modesto Rodríguez Fariña que, a finais dos anos 40 foi de novo apresado por intentar reorganizar unha cédula comunista:

“Cando Modesto volveu da guerra as irmás dicíanlle que non quedara aquí pero el seguiu coas súas ideas e pasados seis ou sete anos fixeron comités baixo man e volvérono prender. Cun martelo fodéronlle un dedo do pé... Non teñen perdón de *Díos*, que polos ideais mataban á xente. Mira que a miña prima Florinda, a irmá

2 A información sobre os procedementos dos salvocondutos é tomada do libro *Pontevedra nos anos do medo* de Xosé Álvarez Castro.



del, cando volveu da fronte xa lle dicía: ‘Non te metas en ningunha movida, non te creas que é o tempo de antes, que a cousa cambiou moito’ porque ela tiña moita relación cos de dereitas e matábase viva... pero vese que entre os compañeiros xa se coñecían, habería algunha reunión e chamaríano... e claro, aínda que el xa saíra do cárcere e fora á guerra e todo, a policía o seguía igual, que seguían sendo os tempos de Franco, mala chispa o coma...”

Ramona non lembra se foi o mesmo día que volvía do fronte no tren ou un pouco despois, pero o certo é que, xa rematada a guerra, Modesto viña para Pontevedra nun vagón e, que fixo? Aproveitou que os asentos dos vagóns estaban forrados de tela e cortoulle varios cachos cos que a súa tía Olivia lle fixo cazadoras aos fillos varóns. Era tanta a miseria que a nai de Ramona collía paraugas vellos do faiado e coas telas facía camisas aos nenos.

“E para bañarnos? Cos visos e os pantalóns. Porque agora todo é feito pero daquela era miña nai a que nos facía os visos, as bragas e os calzóns aos nenos. E iamos bañarnos coas bragas de tela e os visos que cando se collía aire subíante os visos todos. A miña nai nos facía ata as pixamas”.

Tampouco era doado atopar que comer:

“Había unha rapaza que lle chamaban Teresa que alá viña ás seis da mañá a chamarme: Ramoniña, Ramoniña!!! E iamos á cola do pan. Eu cun sono que morría, e o meu irmán, o Salvador, pequeniño como era, o pobre...e ás veces faltaban catro ou cinco para chegar e acabábase o pan. E tamén había que ir a pór auga á fonte. E daquela todo era por cartilla: o aceite por cartilla, o azucre, todo. Ata os xurelos, cando tiñan graxa os derretiamos para facer o aceite... e a finais dos cincuenta, a xente empezou a marchar para todos os sitios, para Venezuela e para todos lados porque senón aquí se morría coa fame... se morría de todo”.

A EMIGRACIÓN

A propia Ramona emigrou a Reino Unido. Foi a primeira vez que traballou máis alá de axudar á súa nai coa venda de pescado e marisco na praza. Olivia non a deixaba empregarse, quería que tanto ela como os seus irmáns estudasen:

“Eu na escola estiven ata os 14 anos e os meus irmáns ían tamén. A que facía todas as tarefas da casa era a miña nai, axudada polo meu pai que era un home moi limpo. Nunca faltei á clase, aínda que si faciamos *ghatas* na escola dos xoves. Na nosa escola non nos daban labores así que iamos alí, a que nos aprenderan a facelas as Doroteas, que daquela estaban por Santa María. Pero moitas veces non iamos. Ao colexio non faltaba nunca pero a escola dos xoves si”.

Sendo unha mociña, tería uns dezaseis anos, quixo gañar uns cartos estibando mercadorías para o almacén de Carrascal pero a súa nai prohibiullo:

“Eu quería comprar un gabán pero non había cartos así que lle dixen á miña nai que me deixara ir á de Carrascal, que cando viñan os veleiros traían carbón, sal, leña... e ía a xente a estibar. Púñanlle un *molido* na cabeza co sal e tiñan que pasar por unhas táboas... eu quixen ir tamén pero a miña nai díxome que non, que nin alí nin a ningún sitio. Non quería deixarme ir traballar. Eu quería gañar para un abrigo



e díxome: 'pois xa terás o abrigo' e nunca me deixou ir. Nin a min nin aos meus irmáns, que cando o meu irmán Salvador foi ao mar xa tiña 19 anos. Ela quería que estudara e tivera un oficio, aínda que fora de mecánico ou do que fora. E a Jaime, cando o chamaron para ir xogar ao fútbol a León, aínda non o quería deixar marchar, pero el díxolle que ía marchar a ver se lle gustaba. E gustoulle tanto que marchou con 21 anos e xa non volveu máis. Cumpriu alá os oitenta e cinco”.

Ramona marchou para Inglaterra con 36 anos. Primeiro foran un grupo de amigas e logo uníronse ela e Elvira, outra amiga de Pontevedra. Foi a primeira vez que tivo un contrato. Marchou a servir nunha casa e foron os seus donos os que lle mandaron os billetes. No tren coñeceron a unha rapaza madrileña, que tiña dous irmáns avogados que decidiran marchar un tempo a traballar de camareiros a Inglaterra para aprender o idioma. Foron eles os que as axudaron na capital a tomar o tren que lles levaría ao seu destino: Manchester.

“Alí todo era a correr, coas maletas, no metro, coas escaleiras mecánicas ... todo a correr”.

Ramona foi traballar á casa dun matrimonio xudeu, Adolfo e Fanny, que moi ben sabían o que era a represión, pois estiveran en campos de concentración como amosaban as marcas que tiñan na pel:

“Eles eran xudeus polacos, estiveran en campos de concentración, tiñan os brazos marcados cos números dos campos, e moita familia dela morrera alá. Cando rematara a Guerra Mundial díxéronlle onde querían ir, se a Norteamérica, a Bos Aires a Inglaterra... e eles elixiron Manchester. Sempre me dicían que a xente lle botaba a culpa aos xudeus pero que os xudeus non tiñan culpa de nada. Eles eran socialistas, díxome el a min, un día que viñeron traerlle papeletas á casa cando as eleccións, para que votara. Eran moi boa xente”.

O matrimonio tiña tres fillos: Henry, Gloria, que xa casara, e Edward, que padecía unha discapacidade psíquica.

“Henry tiña una fábrica de lámpadas. Marchaba a traballar ás oito da mañá e ás seis da tarde xa estaba na casa porque alí os comercios xa facían daquela xornada intensiva e ás cinco pechaban. Tamén Fanny acostumaba marchar ás once ou doce e xa non viña ata as cinco da tarde, xa comía no centro, en Manchester. Porque nós viviamos nos arredores. Inglaterra está feita así: No centro hai fábricas e comercios e nas aforas vive a xente. Así pasaba en Manchester, así pasaba en Londres...”

Ramona asegura que os seus xefes a trataban moi ben. A señora acostumaba a traerlle agasallos cando regresaba a casa e con el pasoulle un detalle que di moito de como era o trato:

“Adolfo tiña mal a circulación das pernas e eu dicíalle: que lle pasa *mister*? E el dicíame se non lle podía botar un pouco de crema porque tiña as pernas con chagas. Eu botáballe a pomada pero un día non tiña guantes e ao botarlle a crema sen eles puxéronseme as mans encarnadas. Cando me veu preguntoume que me pasara e dende aquela xa non quixo que lle botara eu a crema nunca máis. Eu



preguntáballe: Póñolle a pomada? E el dicía: non, non xa ma porá Fanny cando veña. E non botaba a pomada ata que ela non chegaba”.

Estivo en Inglaterra catro anos, primeiro en Manchester, na casa de Fanny e Alexander e logo en Manchester, traballando na cociña do Hospital St Bartolomé. Cando volveu púxose a traballar no posto de pescado coa súa nai.

O OCIO

Ramona nunca casou, pero si tivo tempo de mocear, e encantábanlle as verbenas:

“Encantábanme as verbenas da Alameda, do Burgo e sempre ía a San Xoán. Saía cunhas amigas pero volvía á casa con outras porque as miñas amigas quedaban ata máis tarde e eu non quería escoitar rifar á miña nai. Á pobre, cando non me deixaba ir, montáballe un *show* de carallo. Eu tiña moito xenio. Pero a miña nai non era moi dura e meu pai, un Xan. Sempre vivín con eles”.

Ademais de ir ao baile, a Ramona gústalle ir a igrexa, a pesar do contradictorio que poida parecer iso, tendo en conta as ideas políticas que comparte coa súa familia:

“Son relixiosa. Gústame ir a misa pero non me gusta confesar nin comulgar. Vou con moita devoción porque as ideas son moi diferentes ás crenzas. Eu recordo estando en Inglaterra, convivindo cos xudeus socialistas, que o primeiro que che dicían era: Non vas á *church*? E eu ía correndo, non facía falla que me mandaran eles. Eles ían a misa os sábados”.

De maior seguiu tendo ese espírito de cando nena, e seguía gustándolle ir a rúa a xogar, agora ao lipe:

“Xogábase aos sábados e aos domingos. Tiñamos dezoito anos ou máis. Puñas un pau afiado enriba dunha pedra, dábaslle para mandalo o máis lonxe posíbel e había que ir co mandil a recollelo. Se che caía no teu regazo era campioa e se non o collías, pois nada”.

Nesas mesmas rúas, moi preto da casa onde naceu, houbo unha tarde na que Ramona non pintara con xiz peletre ningún, nin lle arreara as bolas co polgar da esquerda, no que como era zurda tiña unha forza de medo. Na tarde do 25 de maio de 1936, Ramona foi con outros rapaces á praza de touros a escoitar a Margarita Nelken falar da inminente chegada dunha guerra mundial. Na clausura do congreso socialista, os poñentes pedían que se tivese ollo cos cuarteis, que a dereita ía atentar contra a República, que os legóns non ían poder cos canóns. E Ramona escoitaba a Margarita Lenken sen saber como aquel negro presaxio ía cambiar a vida da súa familia.